



PONTEVEDRA

Vida e tempo de Sofía Casanova analízase nun ciclo no Padre Sarmiento

17.11.2008 Mónica Alonso, Suso Fandiño, Xosé M. Buxán e Montse Cea debaterán sobre a arte

REDACCIÓN • SANTIAGO

O Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento comeza hoxe o ciclo *Vida e tempo de Sofía Casanova*. A actividade coincide co 50 aniversario do pasamento en Polonia da escritora, poeta e corresponsal de guerra nada en Culleredo en 1861. Así, a sede do Instituto Padre Sarmiento en Santiago acollerá ás 19.30 horas a inauguración da exposición *Novas e vellos edicións* de Sofía Casanova, e contará coa presenza do director do IEGPS, Eduardo Pardo de Guevara; do coordinador do ciclo, Antón Pazos, e Ewa Pawolowska, presidenta da Asociación Polonia en Galicia. Tras a inauguración, terá lugar a conferencia *La atormentada Polonia de Sofía Casanova*, a cargo do profesor de eslavística na Universidade Complutense de Madrid e experto en literatura hispano-polaca, Gregorz Bak. Para rematar, proxectarase o filme *Generación*.

A mostra conta con libros e pezas sobre Casanova e comprende o período de tempo que vai de finais do século XIX a mediados do século XX. Alí expóñense as principais obras da autora, así como traballos de investigación, biografías ou reedicións dos seus libros recentes. A exposición permanecerá aberta ao público ata o 28 de novembro con entrada de balde.

Por outra banda, os artistas Mónica Alonso e Suso Fandiño, a comisaria e adxunta na dirección da Fundación Granell, Montse Cea, e o profesor, comisario e crítico Xosé Manuel Buxán participarán hoxe ás 12.30 horas na Facultade de Belas Artes en Pontevedra nunha mesa redonda titulada *O estado da cuestión da arte en Galicia*. O debate sucederá a presentación da publicación *Espazodocumental.net*, a cargo de Chus Martínez, Alberto Valverde, e do director do CGAC, Manuel Olveira. O libro recolle varios textos introdutorios, xunto con entrevistas a máis de 25 artistas de creación contemporánea.